

NOTA INFORMATIVA DA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE 14 DE XULLO DE 2022

ASUNTO: USO DE FOGOS DE ARTIFICIO E PIROTECNIA NA CELEBRACIÓN DE FESTAS

DESTINATARIOS: CONCELLOS DE GALICIA

O índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) é a expresión numérica que traduce o estado da biomasa forestal e da meteoroloxía nun momento dado, de modo que se poidan prever as condicións de inicio e propagación dun incendio.

O IRDI establece, para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece no seu artigo 37 punto 1:

1. En todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal, durante a época de perigo alto, os artefactos que leven aparelado o uso do lume, así como a utilización de fogos de arteificio, o lanzamento de globos e doutros artefactos pirotécnicos, que en todos os casos estean relacionados coa celebración de festas locais ou de arraigada tradición cultural, están suxeitos á autorización previa do respectivo concello, que incluírá as medidas específicas de seguridade e prevención axeitadas. O concello comunicará as autorizacións ao distrito forestal correspondente ao seu ámbito territorial con corenta e oito horas de antelación como mínimo.

*No caso de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa **extremo**, o concello **non poderá autorizar** a utilización de artefactos que leven aparelado o uso do lume, fogos de arteificio, globos e artefactos pirotécnicos. Nos casos de que o **índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo o día da celebración, entenderanse revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade.***

Os lanzamentos de fogos de arteificio ou artefactos pirotécnicos nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal só poderán ser realizados por persoal autorizado das empresas que figuren no rexistro sectorial desta actividade. Os fogos de arteificio e artefactos pirotécnicos deberán empregar materiais ignífugos, ou ben ignifugados.

A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.

Ante a previsión dun IRDI moi alto ou extremo para os próximos días, é preciso recordar o establecido na devandita lei no relativo á xestión das autorizacións de uso de foguetes e outros artefactos pirotécnicos nestas datas vindeiras, de xeito que se consulte diariamente o IRDI e no caso de índice extremo,

- Non conceder novas autorizacións.
- Entender por revogadas as autorizacións concedidas.